

Expediente IET: P-20-106
Proxecto: Parque eólico Vacaloura
Concello: Monterroso e Portomarín (Lugo)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 29/07/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de Parque eólico Vacaloura

1. Antecedentes:

Con data do 19/04/2022 o IET emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o contido do EIIP tiña que completarse, de acordo co disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Nese sentido solicitábase completar a diagnose do estado actual da paisaxe, completar o estudo de visibilidade así como a incorporación ao proxecto das determinacións das directrices de paisaxe. Asemade indicábanse distintas medidas correctoras e a necesidade de recoller as medidas de integración paisaxística no proxecto de acordo co artigo 30.3 do RLPPG.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto refírese á instalación do parque eólico Vacaloura, de 31,185MW, composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, zonas de provisión e gabias para a rede eléctrica e torre meteorolóxica de ate 134m). Os aeroxeradores terán una potencia nominal unitaria de 5MW, cunha altura de buxa de 90m (A-04 e A05) e 125m (A01, A02, A03, A06 e A07) e cun diámetro de rotor de 145m.



A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas de Lugo consiste nun novo EIIP (anexo6), co seguinte contido: diagnose do estado actual da paisaxe, análise de intervisibilidade, impactos e xustificación e incorporación ao proxecto das determinación das directrices de paisaxe e medidas de integración paisaxística

Nesta documentación presentada mantense o nº de aeroxeradores, desprazando o A02 (antes V02) ao bordo exterior da AEIP (30m), e o A03 (antes V03) a unha nova localización afastado do AEIP. En relación aos demais aeroxeradores, manteñense a localización da alternativa 2 antes achegada, e polo tanto próximas aos afloramentos rochosos, si ben modificando o trazado dos camiños de acceso entre o A04 e A05.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o lugar no que se proxecta a actuación localízase nas grandes áreas paisaxísticas de Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas, nas comarcas paisaxísticas A Ulloa e Terra de Chantada. Respecto das áreas de interese paisaxístico recollidas no Catálogo, obsérvase que un dos aeroxeradores (A-02) dispóñese no bordo da AEIP-07-22 Montes da Vacaloura. A uns 7 km ao oeste atópase a AEIP-07-21 Alto Ulla, e a uns 9,6 km en dirección leste a AEIP-05-01 Río Miño. O miradoiro máis próximo ao parque é o de Alto de San Cristovo situado agora a uns 4,3 km ao sur da máquina A-02. Máis lonxe aparecen os miradoiros de San Simón, a uns 7 km ao norte do aeroxerador A-04, e o de Cabo de Vila a uns 9 km ao leste do A-07. Respecto a elementos do patrimonio cultural, o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Francés) discorre a 2,3 km ao nordés do grupo de aeroxeradores máis orientais. Así mesmo cabe sinalar a presenza de distintos elementos do patrimonio arqueolóxico na contorna próxima ás infraestruturas do parque. No interior da poligonal existen pequenas manchas boscosas de especies autóctonas na aba leste vinculadas á vexetación ripícola dos cursos do Rego da Carballeira e outros. Aprecíase o trazado da N-640 no interior do parque.

Os aeroxeradores do proxecto distribúense en dúas elevacións montañosas nos concellos de Monterroso e Portomarín. No primeiro as máquinas localízanse na Serra de Pol, nos cumios dos Montes da Vacaloura e nos Montes de San Miguel. Trátase dunha aliñación de cumios en dirección norte-sur, marcadas pola presenza de afloramentos rochosos de cuarcitas que destacan no horizonte conformadas en bandas paralelas moi continuas no territorio. As zonas de matogueira altermáanse nesta serra cun parcelario de prados, cultivos forraxeiros e repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos. Nos vales divididos pola serra aparecen numerosos núcleos de poboación, ben ligados á estrada N-640 que atravesa a zona, ou dispersos pola contorna conectados por unha densa rede de pistas. Aquí a paisaxe confórmasse por un mosaico de parcelas de prados delimitados por sebes vexetais e muros tradicionais de pedra, con pequenos bosquetes de especies autóctonas e hortas de cultivos vinculadas ás vivendas. No concello de Portomarín, os aeroxeradores do parque localízanse nos montes do Espiño, configurados por distintas elevacións nas que se van dispoñendo as máquinas. Neste lugar aparecen tamén afloramentos de cuarcitas, aínda que de menor entidade e a vexetación predominante componse de masas arbóreas de especies forestais de repoboación. Nas zonas de val repítase o patrón da paisaxe agraria con amplas parcelas dedicadas a cultivos forraxeiros e presenza de vexetación autóctona principalmente asociada ás lindes das parcelas e aos cursos de auga que atravesan a contorna. Este grupo de aeroxeradores sitúase entre as estrada N-540 situada ao leste do parque, e N-640, ao oeste. En relación cos núcleos de poboación aparecen varios deles a menos de 2 km como son a Vacaloura, Pol, San Miguel, Trascastro, Reboredo, Batifoles, Narón, a Fonte Grande e a Covadela entre outros; o principal núcleo de poboación é Monterroso a uns 4 km ao oeste.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

Achégase unha análise da visibilidade para o total do parque (ampliado ate 20km), para cada aeroxerador e para cada un dos elementos (AEIP, Rede Natura, Camiño de Santiago, rutas e sendeiros, miradoiros e núcleos) e dos impactos producidos polas infraestruturas, valorando





a visibilidade de cadansúa alternativa e a valoración sobre elementos de referencia paisaxística, incluíndo simulacións 3D e infografías, e concluíndo que para as tres alternativas o impacto é moderado, apreciándose un valor máis favorable para a alternativa 2 (alt.2)

Segundo a análise de visibilidade recollida no EIIP, este cálculo lévase a cabo tomando como referencia a altura da buxa máis o radio do rotor e no caso da alt.2: a totalidade da infraestrutura será visible dende o 34,26 % da superficie da envolvente de 20 km; no análise dos aeroxeradores individualmente, as porcentaxes de visibilidade estarán 24-29%. Os aeroxeradores serán visibles dende as AEIP (principalmente dende a AEIP Montes da Vacaloura co 94,82% para alt.2), dende espazos Rede Natura (60,49% dende o ZEC Monte Faro), miradoiros da contorna (visualizándose dende 5 dos 7 miradoiros presentes no ámbito). En relación ao Camiño Francés a visibilidade supón un 45,49% (para alt.2), e nos núcleos rurais próximos pódese detectar unha visibilidade elevada (entre o 82-100%).

Este documento complétase, coa xustificación da adecuación do proxecto ás Directrices da paisaxe de Galicia para a alternativa 2 e as medidas de integración paisaxística.

En canto ás medidas preventivas e correctoras do EIIP, apórtanse un abano de medidas remitindo ao anexo 7 do EsIA (tratamento de noiros, plataformas e outras superficies; desmonte de viarios; tratamentos en fase desmantelamento), así como proposta de plantacións de apantallamento para a alt.2. na proximidade dos elementos identificados ao longo do documento como susceptibles de sufrir un maior impacto (núcleos rurais, AEIP, Camiño de Santiago, sendeiro e miradoiro de San Cristovo).

6. Conclusión:

O proxecto provocará un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades: ao Sur, o parque As Lúas (aprox. 1,19 km), ao Nordés parque Ligonde (aprox. 4,41 km) e ao Norte parque Monte do Marco (aprox. 5,95 km). O citado impacto visual non será crítico, e non poderá ser mitigado con medidas correctoras, agás no que atinxe á incidencia sobre os núcleos rurais e o Camiño de Santiago, mediante as medidas (barreiras vexetais) recollidas no EIIP.

Poden producirse outros impactos, polo que deben adoptarse as seguintes medidas, para o que se completará oportunamente o EIIP e se volverá someter a informe do IET:

- Se ben desprazouse a máquina A-03 lonxe da AEIP Montes de Vacaloura, mantense a A-02 no bordo da mesma, polo que en relación co disposto na directriz de paisaxe DX.17.a.4, para minimizar o impacto debe estudarse unha posición alternativa máis afastada da AEIP; de non ser viable tecnicamente o desprazamento debe quedar oportunamente xustificado no EIIP.
- Para os efectos das directrices de paisaxe DX.17.b.1 e DX.20.o, o peche da parcela da subestación debe complementarse cunha sebe vexetal, de especies autóctonas e adecuadas ao lugar (pode consultarse a este respecto a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*).



- No proxecto construtivo das edificacións no interior do parque estarase ao disposto na directriz de paisaxe DX.17.c e no caso das infraestruturas ás recomendacións b), f) e g) da directriz de paisaxe DX.19.
- En relación aos cursos de auga no interior do parque xustificarase a directriz de paisaxe LA.04 e no caso concreto do río da Carballeira no referente ao paso de camiño de acceso á subestación, resolverase conforme a directriz de paisaxe DX.21.d.3, velándose tamén pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola conforme á directriz BO.03.

Por outra banda, respecto á previsión de barreiras vexetais na contorna do miradoiro de San Cristovo (plano AP.6 1.12 do EIIP), esta medida non se considera adecuada, debéndose respectar a apertura visual panorámica, a pesar da presenza dos aeroxeradores.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

